



XUNTA DE GALICIA

TÍTULO II: MEDIDAS ADMINISTRATIVAS



XUNTA DE GALICIA

CAPÍTULO I

Emprego público

Artigo 6. Modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra b) do número 2 do artigo 14, que queda coa seguinte redacción:

“b) Proponer ao Consello da Xunta de Galicia os proxectos de normas de xeral aplicación ao emprego público. Cando se trate de proxectos normativos referentes ao persoal funcionario suxeito a un réxime singular ou especial, a proposta será por iniciativa da persoa titular da consellería sectorialmente competente.”

Dous. Modifícase a letra d) do número 2 do artigo 14, que queda coa seguinte redacción:

“d) Convocar e resolver os concursos ordinarios de provisión de postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.”

Tres. Engádese unha letra f) no número 2 do artigo 17, que queda redactada como segue:

“f) Convocar e resolver os concursos específicos de provisión de postos de traballo relativos á súa consellería, incluídos nas relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.”

Catro. O número 3 do artigo 48 queda modificado como segue:

“3. As ofertas de emprego público poden prever que as prazas reservadas para persoas con discapacidade se convoquen conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias



XUNTA DE GALICIA

independentes, garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos selectivos. As probas dos procesos obxecto de convocatoria independente serán de características similares ás que se realicen nas convocatorias ordinarias e as persoas que participen nelas deberán acreditar o grao de discapacidade indicado. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse na porcentaxe reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade.”

Cinco. Engádesse un número 5 ao artigo 55 coa seguinte redacción:

“5. Para asegurar a protección das vítimas de violencia de xénero durante o desenvolvemento dos procesos selectivos e nas listas de contratación temporal, serán adoptadas todas as medidas necesarias para a salvagarda dos seus dereitos e intereses, e en especial a protección dos seus datos persoais nos termos establecidos no artigo 72.3.a).”

Seis. Modifícanse as letras a) e b) do artigo 77, que quedan coa seguinte redacción:

a) Dentro de cada corpo ou escala existirán categorías profesionais divididas en graos de ascenso, aos cales irá vinculada a contía do complemento retributivo de carreira previsto nesta lei.

b) O persoal funcionario de carreira de cada corpo ou escala terá atribuída unha categoría profesional e un grao dentro dela, que para o persoal de novo ingreso será necesariamente a categoría inicial e o grao inferior desta.”

Sete. Modifícase o número 1 do artigo 121, que queda coa seguinte redacción:

“1. Nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, que se distribuirán a elección da persoa titular do dereito, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto.”

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda coa seguinte redacción:



XUNTA DE GALICIA

“1. Nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas, do que se fará uso, por elección da persoa titular do dereito, en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso.”

Nove. O número 2 do artigo 129 queda modificado como segue:

“2. As licenzas previstas neste artigo pódense conceder igualmente ao persoal funcionario en prácticas que xa estivese prestando servizos remunerados na Administración como persoal funcionario de carreira, durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen na mesma Administración na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, poderá optarse entre percibir as retribucións que correspondan pola condición de funcionario/a de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas. Se os servizos como persoal funcionario de carreira se prestasen nunha Administración distinta daquela na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas, percibiranse necesariamente as retribucións fixadas nesta última para o persoal funcionario en prácticas.”

Dez. Modifícase o número 3 do artigo 146, que queda coa seguinte redacción:

“As Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei aboarán o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de desfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, acade o 100% das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.”

Once. Os cadros do número 1 da disposición adicional novena correspondentes ás escalas de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros e de profesores de capacitación agraria quedan coa seguinte redacción:



XUNTA DE GALICIA

Doce. O cadro do número 2 da disposición adicional novena correspondente á escala de enxeñeiros técnicos queda coa seguinte redacción:

Denominación	Especialidades	Sub-grupo	Funcións	Titulación
Escala de enxeñeiros técnicos	Enxeñaría técnica de obras públicas	A2	Execución técnica e realización dos traballos propios da titulación esixida e das funcións concretas asignadas ao desempeño do correspondente posto de traballo, de ser o caso, baixo a dirección e supervisión dos funcionarios da escala superior.	Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de obras públicas.
	Enxeñaría técnica industrial			Enxeñeiro Técnico Industrial ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico industrial.
	Enxeñaría técnica forestal			Enxeñeiro Técnico Forestal ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico forestal.



XUNTA DE GALICIA

	Enxeñaría técnica agrícola		Enxeñeiro Técnico Agrícola ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico agrícola.
	Enxeñaría técnica de minas		Enxeñeiro Técnico de Minas ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de minas.
	Enxeñaría técnica de telecomunicación		Enxeñeiro Técnico de Telecomunicación ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico de telecomunicación.



XUNTA DE GALICIA

	Enxeñaría técnica en Topografía			Enxeñeiro Técnico en Topografía ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da profesión de enxeñeiro técnico en topografía.
--	---------------------------------	--	--	---

Trece. Introdúcese unha disposición adicional décimo cuarta coa seguinte redacción:

“Disposición adicional décimo cuarta. Segunda actividade do persoal pertencente ás escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia

1. A segunda actividade do persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais da Xunta de Galicia, que en todo caso será voluntaria, consistirá no pase á realización de tarefas que non comporten unha prestación directa de labores de extinción de incendios.

2. Poderá solicitar pasar á segunda actividade o persoal das escalas de axentes forestais e axentes facultativos medioambientais que cumpra os requisitos que a seguir se indican:

a) Ter cumpridos os 60 anos de idade.

b) Ter desempeñados 25 anos de servizo nestas escalas.

c) Formular solicitude nos termos previstos regulamentariamente.

3. O persoal en situación de segunda actividade percibirá a totalidade das retribucións que lle correspondan polo posto de traballo que efectivamente pase a desempeñar. Non obstante, se as retribucións totais fosen inferiores ás que se viñan percibindo no momento de producirse o pase á situación de segunda actividade, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á



XUNTA DE GALICIA

diferenza entre a totalidade das retribucións, básicas e complementarias, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións que lle correspondan percibir polo posto que ocupe.

4. Regulamentariamente desenvolverase o réxime aplicable á segunda actividade deste persoal, previa negociación coas organizacións sindicais.”

Catorce. Engádese un número 4 á disposición transitoria oitava coa seguinte redacción:

“4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e en tanto non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, poderase establecer un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que permita ao persoal funcionario de carreira progresar de maneira voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional.

No regulamento que desenvolva este sistema transitorio poderán fixarse os graos e requisitos para o seu recoñecemento e ascensos, así como a avaliación necesaria da traxectoria e actuación profesional, na que se terán en conta os coñecementos adquiridos, a formación, experiencia e outros méritos e aptitudes que se establezan.

O persoal funcionario de carreira que quede encadrado neste sistema poderá percibir, de acordo co que se estableza regulamentariamente, unha retribución adicional ao complemento de destino segundo o grupo ou subgrupo profesional de pertenza, que remunere a progresión profesional acadada.

Esta retribución adicional percibirase en todo caso na situación de servizo activo no correspondente corpo ou escala ou durante o desempeño de postos ou cargos no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia enunciadas no artigo 45 a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ou



XUNTA DE GALICIA

nos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma relacionados na disposición adicional primeira, letra a), da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Tamén percibirán este complemento os liberados/as sindicais.

O persoal funcionario de carreira que se encontre na situación de servizos especiais polo desempeño de postos ou cargos no ámbito delimitado no parágrafo anterior percibirá dentro das retribucións do posto ou cargo que desempeñe unha contía equivalente á correspondente á retribución adicional que lle sería aplicable de acordo con esta disposición.

Cando se implante o sistema de carreira profesional previsto no artigo 77 se terá en conta o desenvolvemento profesional acadado de acordo co establecido na presente disposición.”